

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (CERMI GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DE ACCESIBILIDADE DOS ESTABLECEMENTOS DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, Ramón Sestayo Lestón con DNI 78784627-J, en calidade de presidente segundo nomeamento efectuado con data 19 de novembro de 2024, actuando en nome e representación do **Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (CERMI Galicia)**.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Constitución española, no seu artigo 9.2, establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Por outra banda, no seu artigo 49 establécese que as persoas con discapacidade exercen os dereitos previstos no Título I en condicións de liberdade e igualdade reais e efectivas. Ademais o dito artigo 49 sinala que os poderes públicos



impulsarán as políticas que garantan a plena autonomía persoal e a inclusión social das persoas con discapacidade, en contornas universalmente accesibles. Así mesmo, fomentarán a participación das súas organizacións, nos termos que a lei estableza. Atenderase particularmente as necesidades específicas das mulleres e os menores con discapacidade. Ademais, o artigo 4.2 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe aos poderes públicos de Galicia a promoción das condicións necesarias para que a liberdade e igualdade dos individuos e os grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude.

As persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Para iso, os poderes públicos adoptarán as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais, segundo recoñece o artigo 22 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Así mesmo, o artigo 1 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, establece que "A presente lei ten por obxecto garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades en relación coa accesibilidade universal e o deseño para todos respecto a as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que os mesmos fáganse comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible."

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

No artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a



dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.

Terceiro.- CERMI-Galicia é unha entidade non lucrativa e de acción social, integrada no Comité español de representantes de persoas con discapacidade.

O Comité español de representantes de persoas con discapacidade é a plataforma de representación, defensa e acción da cidadanía española con discapacidade, máis de 3,8 millóns de persoas e as súas familias, que conscientes da súa situación de grupo social desfavorecido, deciden unirse, a través das organizacións nas que se agrupan, para avanzar no recoñecemento dos seus dereitos e acadar a plena cidadanía en igualdade de dereitos e oportunidades co resto da sociedade.

O CERMI é tamén a plataforma de encontro e acción política das persoas con discapacidade, constituído polas principais organizacións estatais de persoas con discapacidade, varias entidades adheridas de acción sectorial e 19, tantas como territorios posibles, plataformas autonómicas, todas as cales agrupan a súa vez a máis de 8.000 asociacións e entidades, que representan no seu conxunto aos 3.8 millóns de persoas con discapacidade que hai en España, un 10% da poboación total.

CERMI Galicia ten por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, e a misión de conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas, entre as que se atopa a promoción e loita pola creación de es-pazos, servizos e información accesible para tódalas persoas.

Ademais, entre os membros do CERMI Galicia intégranse nove entidades: a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI); a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG); a Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA Plena Inclusión Galicia); a Organización Nacional de Cegos de España en Galicia (ONCE), a Federación Autismo Galicia (AUTISMO Galicia), Federación Dano Cerebral Galicia, Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (ASPACE Galicia), Federación



Impulsa Igualdad Galicia e a Asociación de Colaboración y Promoción del Sordo (ACOPROS), que manifestan a súa vontade de participar nos fins e obxectivos de este convenio.

A actuación de CERMI Galicia a través das súas entidades no eido na accesibilidade universal, constitúe unha alternativa coadxudante da acción pública para a participación das persoas con discapacidade. As nove entidades subliñadas contan con servizos específicos que abordan de xeito integral as necesidades das persoas con discapacidade, detectando aquelas situacións nas que a falta de accesibilidade impide a participación cidadá das persoas as que representan.

Cuarto.- O obxecto do convenio consiste na realización dun estudo de accesibilidade dos camiños de Santiago dentro das políticas activas previstas na comunidade autónoma.

Enténdese por estudo de accesibilidade, un informe que conteña as seguintes accións:

- a) Auditoría de accesibilidade que contén todos os items analizados, o resultado dos mesmos e a análise das cuestións a mellorar.
- b) Informe de accesibilidade para a publicación na web da Axencia de Turismo de Galicia. Trataríase de un informe descritivo e gráfico sobre cada un dos albergues. Este informe permitirá ao cliente con discapacidade obter a información necesaria para coñecer a posibilidade de utilización dun hotel dun xeito útil, e dicir, cos datos clave e adicionalmente a través de fotografías

As accións para a efectiva valoración de accesibilidade, levarase a cabo polas nove (9) entidades que dentro de CERMI Galicia teñen interese na execución dos obxectivos do convenio así como acreditada experiencia na materia.

Dentro do seo do CERMI Galicia, a confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI), asumirá a responsabilidade de coordinación do traballo, que abrangue as seguintes obrigas:

- Coordinar as auditorías de albergues e tramos.
- Analizar datos e elaborar informes finais de xeito colaborativo.



- Fomentala participación de tódalas entidades dun xeito equitativo.
- Velar polo cumprimento dos acordos internos no seo do CERMI Galicia.
- Informar a secretaría xeral do CERMI Galicia de todas aquelas accións relativas o convenio.

Quinto.- A Estratexia de Turismo dentro das súas 8 misións inclúe a Misión Galicia, destino auténtico e diferencial que ten como obxectivo afondar na transformación de Galicia coma un destino único e auténtico, que permita a súa diferenciación a nivel nacional e internacional.

O Camiño de Santiago convértese por dereito propio no elemento destacado desta misión, ao conxugar a súa proxección nacional e internacional coa vertebración territorial de Galicia ao longo das aldeas e cidades. A sustentabilidade integral do propio Camiño e a celebración do Xacobeo 2027 durante o marco temporal da estratexia marcan tamén o desenvolvemento da misión.

O Camiño de Santiago é un dos recursos máis singulares e diferenciais do turismo galego e que segue a acadar datos de crecemento. Durante a execución da estratexia desenvolverase o Plan director do Camiño 2022-27, con máis dun centenar de medidas centradas en sete retos específicos. A sustentabilidade integral do Camiño é o elemento nuclear desta medida, procurando a desestacionalización e diversificación das rutas.

Ademais, a Misión Sostibilidade Integral fai fincapé na accesibilidade universal. A construción dun destino turístico sostible implica garantir a accesibilidade universal (física, cognitiva e sensorial) de todas a persoas. Neste sentido, mellorarase o grao de adaptación da oferta turística para posicionarse como un destino accesible e inclusivo, tanto no eido das infraestruturas e o acceso aos recursos como na accesibilidade aos recursos tecnolóxicos. Ademais de incrementar a sensibilización e a capacitación do sector.

Sexto.- O proxecto obxecto deste convenio supón dotar ao Camiño de Santiago, Ben de Interese Cultural e Patrimonio da Humanidade, de maiores cotas de accesibilidade, de modo que a oferta turística se adapte ás necesidades de todas as persoas peregrinas, de forma que concorren así, para os efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei



9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1.a) do Regulamento da devandita lei, razóns de interese público para o outorgamento da subvención.

Así mesmo, dada a especialidade do proxecto a subvencionar, e da entidade beneficiaria da subvención, que por outra banda é a única entidade impulsora do citado proxecto non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

Tendo en conta a especial singularidade deste proxecto e da entidade beneficiaria e con base no principio de unidade de acción que debe presidir a actuación dos órganos administrativos da Xunta de Galicia, as partes manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento deste proxecto e están interesadas en establecer o presente acordo de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre CERMI Galicia e a Axencia de Turismo de Galicia para realizar un estudo de accesibilidade dos establecementos dos camiños de Santiago dentro das políticas previstas na comunidade autónoma.

Enténdese por estudo de accesibilidade, un informe que conteña as seguintes accións:

-Auditoría de accesibilidade que contén todos os items analizados, o resultado dos mesmos e a análise das cuestións a mellorar.

-Informe de accesibilidade para a publicación na web da Axencia de Turismo de Galicia.

Trataríase dun informe descritivo e gráfico sobre cada un dos albergues. Este informe permitirá ao cliente con discapacidade obter a información necesaria para coñecer a posibilidade de utilización dun establecemento dun xeito útil, e dicir, cos datos clave e adicionalmente a través de fotografías

Segunda.- Orzamento e financiamento



O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a 50.000 € (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

- Análise previa dos establecementos a avaliar: 5.000 € (IVE incluído),
- Visitas aos establecementos a avaliar e recompilación de información: 20.000 € (IVE incluído),
- Análise información: 15.000 € (IVE incluído),
- Elaboración informe final: 10.000 € (IVE incluído),

Total: 50.000 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará a contía de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.640.0, proxecto 2013 00004, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que a asociación asinante obteña beneficio ou lucro industrial algún con elas.

Terceira.- Compromisos das partes

1. Cermi- Galicia comprométese a realizar o obxecto do convenio establecido na cláusula primeira, e asumen as seguintes obrigas:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- Entregar á Axencia de Turismo de Galicia unha memoria das actividades realizadas, en formato dixital, así como o Informe final.
- Facer constar a cooperación da Axencia de Turismo de Galicia en toda a información que se difunda sobre as actuacións, tanto nos medios de comunicación como no material informativo que se puidera distribuír.



- Incluir en toda a documentación e soportes específicos das accións obxecto do presente convenio que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia e incluír a marca turística de Galicia en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

2. A Axencia de Turismo de Galicia comprométese, pola súa banda, a colaborar co CERMI-Galicia para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e en particular mediante as seguintes actividades:

- Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.

- Proporcionar á entidade os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información responsabilizándose a Axencia dos datos e documentación que facilite para a execución do convenio.

- A Axencia comprométese a facilitar, cando sexa preciso, o apoio e asesoramento técnico na labor de difusión relacionados coas actividades obxecto este convenio.

Cuarta.- Resultados conxuntos

O diverso material promocional, elaborado en desenvolvemento das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común por ambas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.



Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes. Non obstante a Axencia de Turismo de Galicia, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos de campo, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

Quinta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia. As entidades serán as únicas responsables dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1.- A achega prevista na cláusula segunda será librada pola Axencia de Turismo de Galicia previa presentación da xustificación da execución das actuacións desenvolvidas, a través da seguinte documentación:

- Memoria explicativa da actividade realizada e acreditación do cumprimento do obxecto do convenio e da publicidade da colaboración da Axencia de Turismo de Galicia. A memoria debera incluír a relación de paquetes comercializados. Do mesmo xeito deberase especificar as accións promocionais realizadas, campañas e medios de difusión.

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- a) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.



Non obstante, a documentación establecida nas letras a) e b) deste punto poderá ser substituída por factura emitida pola entidade á Axencia de Turismo de Galicia polas actuacións realizadas obxecto de este convenio de colaboración. Neste último caso deberá achegar un certificado ou declaración responsable que acredite que o importe facturado non é superior ao gasto realizado de xeito que se garanta a ausencia de lucro para a entidade conveniente.

- Nos supostos de gastos realizados con medios ou recursos propios, documentos acreditativos dos gastos realizados e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na letra a).
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social e de non ter pendente débedas por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- Indicación do número de conta para realizar o pagamento xunto coa declaración responsable sobre a súa titularidade.

A Axencia de Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

2º.- O prazo para realizar a execución do obxecto do convenio por parte de CERMI-Galicia remata o **1 de decembro de 2025**.

3º.- Se o investimento xustificando fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade, procederá o pagamento que sexa obxecto de xustificación.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

4º.- A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).



Sétima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento, que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes. A comisión será a competente para decidir calquera cuestión sobre a interpretación ou execución do presente convenio.

A Comisión concretará as características do programa proposto así como as condicións de financiamento para asegurar a súa viabilidade, dentro da achega máxima a que se obriga a Axencia Turismo de Galicia coa sinatura deste convenio e establecida na cláusula segunda.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola comisión de seguimento, e en última instancia dirimiranse na xurisdición contencioso-administrativa.

Oitava.- Modificación e resolución do convenio

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.



- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

O presente convenio de colaboración formalízase ao abeiro do disposto na resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público a acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e con particulares.

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da lexislación de contratos das Administracións públicas, segundo dispón o artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación dos principios da citada lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio e autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigacións específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade, incluída tamén a publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións contidas no convenio.

Décimo primeira.- Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.



A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

O Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPD), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Décimo segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das



administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

E, en proba de conformidade, e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo CERMI-Galicia

Xosé Manuel Merelles Remy

Ramón Sestayo Lestón

